

EXTRAMUROS

Barrios, fontes, arroios e camiños

Fóra das murallas da Vila, a principios do século XIX existían xa puxantes barrios novos:

O **convento de San Francisco** se erguía nun montículo sobre o **barrio pesqueiro do Berbés**, sempre bullicioso e caótico.

Cara ao Leste, estendíase o **barrio do Areal**, que nesta época alcanzara xa unha gran puxanza, e no que as industrias da salgadura mesturábanse coas novas vivendas, algunhas de ata tres plantas, onde se aloxaba a nova poboación. A **praia do Areal** era unha fermosa media lúa de area, separada das casas por un cordón de dunas.

A comunicación co barrio da Ribeira era directo a través da Porta da Ribeira. Pero, para acceder ata o Areal, existían dous camiños:

- pola actual rúa do Príncipe saía o **Camiño Novo**, que comunicaba co Areal. Por aquí transitaban os carros de mercancías e as bestas, cando había mercado;
- pero os vigueses do montón preferían o

Camiño Vello, que ía pola actual Alameda, á beira ata do mar, e era sinuoso e incómodo.

Os habitantes da Vila de Vigo cruzaban frecuentemente as portas para buscar auga ou lavar:

- os vigueses bebían nas ***fontes da Falperra e do Anxelote*** (situada no comenzo do que hoxe é a Rúa do Príncipe).
- Ademais, utilizaban os **arroios** que percorrían a vila extramuros. ***O de Tornos*** discorría pola actual rúa Carral, outro baixaba pola ***rúa Pontevedra*** e o da actual ***rúa Roupeiro*** era o preferido polas mulleres para ir lavar a coada, de aí o seu nome.

Ao redor deste Vigo puxante había barrios e parroquias de eminente carácter rural.

1. Le atentamente o texto anterior.

2. Como se chamaban os principais barrios extramuros da Vila de Vigo? A que se adicaban os seus respectivos habitantes?

3. Sabes o que son os topónimos? Escribe a súa definición. Se non sabes o que son, busca a información

nun dicionario, ou neste enlace:

<http://www.digalego.com/>

4. Os topónimos, en moitas ocasións, nos informan sobre a situación ou os accidentes xeográficos dun lugar. Tamén poden indicar unha actividade ou oficio que se practicaba nun lugar.

Por que terán as seguintes rúas de Vigo os seus nomes?

- **Rúa Areal:**
- **Ribeira do Berbés:**
- **Rúa Roupeiro:**

Pódeste axudar deste enlace:

<http://www.digalego.com/>

5. Cos datos que te proporciona o texto anterior, **sitúa no plano adxunto:**

- O Camiño Vello
- O Camiño Novo
- O convento de San Francisco
- A Fonte da Falperra

- A Fonte do Anxelote
- O Arroio dos Tornos
- o Arroio da rúa Pontevedra
- o Arroio da rúa Roupeiro

6. O *Camiño Vello* chegaba case ata a mesma porta da Gamboa, e transcurría ao borde do mar. Iso quere dicir que o espazo que vai dende a Alameda ata o mar é terreo gañado ao mar.

Do mesmo xeito, a Ribeira do Berbés enlazaba directamente coa Rúa Real polo leste e co mar polo Norte. Se te fixas, aquí tamén houbo un importante recheo.

No mapa adxunto, intenta recuperar a fisonomía de Vigo no século XIX:

- ***pinta de azul*** a porción que correspondía ao mar (incluíndo os terreos que sufriron recheos);
- ***sitúa*** o barrio pesqueiro do Berbés e o barrio industrial do Areal;
- ***pinta de verde*** o resto, para indicar a existencia de parroquias rurais.